

Toda a axenda coas festas, espectáculos e festivais de agosto en Nigrán “a un clic”.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 06 Agosto 2015 15:18



Festivais de rock, festas patronais, espectáculos populares e moito deporte nos areas de Nigrá conforman maioritariamente a oferta de ocio e tempo libre do mes de agosto. O programa foi presentado oficialmente este mediodía pola edil de Cultura Ana Pérez.

A responsable aproveitou a presentación das xornadas comerciais do sábado na Ramallosa, para presentar a programación cultural de agosto no municipio. Como se fixera no mes de xullo, "optouse por máis de medio cento de actividades de ocio que tocan tódalas parroquias e practicamente non se deixa un día sen programación", salientou Pérez en rolda de prensa.

Engadiu que ademais vai ampliarse de tres a cinco días a semana a actividade de zumba, volverá a haber peque-rutas, competicións deportivas, monologistas e animación infantil.
{attachments}